

## I CARREIRA SOLIDARIA TODOS FUERTES CONTRA EL DOLOR

As enfermidades músculo esqueléticas afectan en Galicia ao 40 % da poboación a adultos e a nenos indistintamente. Están diagnosticadas un total de 250 enfermidades, as máis coñecidas: artrite, espondilitis, fibromialgia, artrosis, a artrite idiopática xuvenil , etc.

A **Liga Reumatolóxica Galega e a Rede Española FM - SFC – SQM** queren dar visibilidade a esta realidade e recaudar fondos para os programas socio-sanitarios destinados a todas aquelas persoas que o precisan.

**Art. 1)** La Liga Reumatolóxica Galega e a Rede española de FM, SFC, SQM, organizan a I Carrera Solidaria **“Todos Fuertes contra el Dolor”**, o día 3 de outubro, na Localidade de Santiago de Copostela, baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo, a través da súa Delegación en Santiago de Compostela.

**Art.2)** Poderán participar atletas federados e non federados. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo.

### **Art.3) CATEGORIAS (masculina e feminina)**

PITUFOS: (2010 - actualidade)

ESCOLARES A: Ano de nacemento 2006-2009

ESCOLARES B: Ano de nacemento 2003-2005

ESCOLARES C: Ano de nacemento 2002 ata 16 anos

#### **ABSOLUTA**

Sub 23: 17- 23 anos

Senior: 24- 34 anos

Veteranos 1: 35-44 anos

Veteranos 2: dende os 45 anos

CATEGORÍA ANDAINA: Todas as idades 2,5 km

### **Art. 4) DISTANCIAS E HORARIOS.**

PITUFOS: (2010 actualidad) 150 metros. **Saída: 19:50h**

ESCOLARES A: (2006-2009) 500 metros **Saída: 18:00h**

ESCOLARES B: (2003-2005) 2,5 kilometros **Saída: 18:15h**

ESCOLARES C: (2002 ata 16 anos) 5 kilómetros **Saída: 18:30h**

ABSOLUTA 5 Km **Saída: 19:00h**

- Sub 23: 17- 23 anos
- Senior: 24- 34 anos
- Veteranos 1: 35-44 anos
- Veteranos 2: dende os 45 anos

CATEGORÍA ANDAINA: Todas as idades 2,5 km aprox. **Saída: 19:05h**

#### **Art. 5) LUGAR E SAÍDA E PERCORRIDO.**

A saída da meta da proba terán lugar preto das pistas de tenis da universidade ás 18.00 h. Na Praza Circular, onde está o estanque. **Preto tamén do Hospital Policlínico de Nuestra Señora de la Esperanza.**

#### **Art.6) INSCRIPCIÓNS ( Lugar, data límite e prezo)**

O custo das inscrición serán de 5 euros para a carreira absoluta. O resto de categorías terá un custo de 2 euros. A andina tamén terá un custo de 5 euros agás os menores de 16 que terá un custo de 2 euros

- A inscrición tamén permite realizar un donativo para a asociación.
- Todos aquelas personas que solidariamente queren axudar pero non poden participar en ninguna das modalidades, o poderán facer un donativo ao DORSAL 0 dentro da páxina de inscrición a carreira na web: [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)

O prazo de incrición comezará o 5 de setembro e rematará o 1 de outubro. Non se ceptarán inscricións por teléfono nin inscricións fora dos prazos indicados.

#### **Art.7) RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS (Lugar e hora)**

A retirada dos dorsais, realizarase preto das pistas de tenis da universidade. Na Praza Circular, onde está o estanque. Preto tamén do Hospital Policlínico de Nuestra Señora de la Esperanza dúas horas antes ás 16.00 h.

#### **Art.8) PREMIOS**

Os, as tres primeiros/as corredores/as de cada categoría, terán agasallos axeitados á súa idade (Agás na categoría dos pitufos que recibirán todos un agasallo). No caso de que alguna categoría non teñá suficientes corredores, a organización reservarase o dereito a unila a outra.

Os/as corredores/as que obteñan algún premio deberán acreditarse con DNI ou similar. No caso de menores, coa identificación da persoa que os inscribiu.

#### **Art.9) DATOS**

Os datos obrigatorios para inscribirse son: nome, apelidos, NIF ou pasaporte, data de nacemento completo, xénero (masculino ou fiminino), dirección e teléfono. Rexeitarae calquera inscrición ao que lle falte algún dos datos.

#### **Art.10) CLASIFICACIÓN**

A clasificación será absoluta e por categorías. Habará tres gañadores en cada unha das categorías mencionadas no artigo 3 de este reglamento.

### **Art.11) CONTROL DA CARREIRA**

Os corredores levarán durante toda a carreira o dorsal colocado no peito de forma visible.

Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado por diante ou incumpla as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en rura, será descalificado.

A carreira está baixo o control do Comité Galego de Xuíces da FGA. A organización contará coa axuda dos organismos oficiais competentes que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.

O control da chegada pechará 50 minutos despois de que entre en meta o primeiro corredor da categoría absoluta.

### **Art.12) VEHÍCULOS**

Non está permitido ningún vehículo alleo á organización. Nin mascotas, bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes.

### **Art.13) RECLAMACIÓNS**

As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Arbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

### **Art. 14) SERVICIOS**

Contaremos con servizos de ambulancia, médico, vehículos de sinalización/coches escoba. Contaremos tamén con duchas e gardaroupa nas pistas de atletismo do Campus Sur. A proba conta cun seguro de responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para todos os participantes.

### **Art. 15) PROTECCIÓN DE DATOS**

Todos os participantes, polo feito de formalizar a inscrición, dan o seu consentimento para que a Organización e a entidade SEGURO MAFRE, por si mesmos ou por terceiras entidades, traten informáticamente e coa finalidade exclusivamente aseguradora e deporetiva, os seus datos de carácter persoal, dacordo coas opción contidas na inscrición.

Dacordo co que establece a Lei Orgánica 15/1999 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercitar este dereito deberá solicitalo nas dirección indicadas na ficha de inscrición.

## **Art.16) OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS**

16.1 A proba rexerese pola regulamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).

16.2 Os atletas estarán amparados por un seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes da FGA.

16.3 A proba contará cos servizos sanitarios esixidos na lexislación vixente.

16.4 Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.

16.5 Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

16.6 O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.

16.7 O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

16.8 A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da FGA e RFEA en vigor

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda de Gasgow 13 15008 A Coruña.